

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011. Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación a acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

2º) RENUNCIA DE D. MARCOS-ALBERTO REDONDO VILAVEDRA COMO CONCELEIRO DO CONCELLO DE SANXENXO. Polo Sr. **Secretario** indícase que ao expediente deberán unirse as declaracións, correspondentes ao fin da condición de corporativo cesante, de causas de incompatibilidade e de intereses patrimoniais do concelleiro renunciante, non presentada ata esta data, dando conta do escrito do **Sr. Redondo Vilavedra**, que literalmente di:

“”””Marcos Redondo Vilavedra, concejal electo por el PSOE en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de este escrito PRESENTO MI RENUNCIA AL ACTA DE CONCEJAL. Y, para que conste, firmo la presente en Sanxenxo, a 17 de junio de 2011.””””

Non se produce debate e a Corporación Municipal dáse por enteirada da **renuncia** do **Sr. Redondo Vilavedra** ao seu cargo de concelleiro para remitila á Xunta Electoral de Zona de Cambados, co obxecto de que se proceda á expedición da credencial de concelleira a favor da integrante da candidatura do **Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia, Partido Socialista Obrero Español (PSDEG-PSOE)** co posto **nº 4** que é **Dª VANESA RODRÍGUEZ MANEIRO.**-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS. O Sr. **Secretario** deu lectura aos escritos de constitución e composición dos grupos municipais, quedando a Corporación Municipal de Sanxenxo estruturada nos seguintes grupos políticos municipais:

**** GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: D. David Otero Domínguez** (voceiro) e **Dª Sandra Fernández Agraso** (voceira suplente).

**** GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Dª Catalina González Bea, Dª Mª Paz Lago Martínez, D. Salvador Durán Bermúdez, Dª Mª Isabel González Domínguez, D. Marcos Guisasola Padín, Dª María Deza Martínez** (voceira), **D. Constantino Sanmartín Quiñoës** (voceiro suplente) e **Dª Almudena Aguíñ Fernández.**

**** GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL: D. Gonzalo Gonzalo Pita** (voceiro), **Dª Mª Cruz Barbeito Barreiro** e **D. Francisco Villaverde Otero** (voceiro suplente).

**** GRUPO MUNICIPAL MIXTO: D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, ao non acadar a candidatura de “Veciños Independentes por Sanxenxo” (VIPS) un mínimo de dous concelleiros.

**** GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SANXENXO: Dª Mª Dulcinea Aguíñ Pombo** (voceira) e **D. José Buezas Méndez** (voceiro suplente).

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da constitución dos grupos políticos municipais anteriormente transcritos.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 17 DE XUÑO DE 2011 DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN CONCELEIROS/AS. Polo Sr. **Secretario** dáse lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía**:

“”””De conformidade co disposto nos artigos 20.1b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no art. 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e art. 14 do Regulamento Orgánico Municipal **RESOLVO**:

PRIMEIRO: nomear **membros da Xunta de Goberno Local** aos seguintes concelleiros/as:

- **D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ**
- **D. JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO**
- **Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ**
- **D. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES**
- **Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ**

SEGUNDO: a Xunta de Goberno Local realizará sesión ordinaria os **venres**, con **periodicidade quincenal**, ás **9,30 horas**.

TERCEIRO: nomear **Tenentes de Alcalde do Concello de Sanxenxo** aos seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1º Tenente de alcalde: D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ**
- 2º Tenente de alcalde: D. JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO**
- 3º Tenente de alcalde: Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ**
- 4º Tenente de alcalde: D. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES**
- 5º Tenente de alcalde: Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ**

CUARTO: delegar en favor dos **tenentes de alcalde**, membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se citan, as atribucións da alcaldía nas seguintes áreas:

- **D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ: persoal e seguridade cidadá.**
- **D. JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO: servizos xerais e medio ambiente.**
- **Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ: cultura e educación.**
- **D. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES: infraestruturas e obras.**
- **Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ: urbanismo.**

QUINTO: realizar en favor dos **concelleiros/as** que a continuación se citan as **delegacións especiais** respecto das atribucións da alcaldía nas seguintes materias:

- **Dª Mª ISABEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ: servizos sociais, xuventude e deportes.**
- **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN: facenda, economía e emprego.**
- **Dª ALMUDENA AGUÍN FERNÁNDEZ: turismo.**

SEXTO: estas delegacións non inclúen a facultade de ditar actos administrativos e, a alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

SÉTIMO: estas delegacións requiren para a súa efectividade a aceptación por parte dos seus destinatarios, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

OITAVO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura."""""

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 17 DE XUÑO DE 2011 SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Polo Sr. Secretario dáse lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía**:

""""De conformidade co disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, 43, 44, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: delegar na **Xunta de Goberno Local** as seguintes atribucións sen prexuízo de asumilas directamente en calquera intre:

- a) *Resolución solicitudes de autorizacións e renovacións de postos de venda ambulante en mercadillos.*
- b) *A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- c) *Tramitación e adjudicación dos servizos de tempada de verán nas praias do municipio.*

SEGUNDO: da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución."""""

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 20 DE XUÑO DE 2011 SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO OA "TERRA DE SANXENXO". Polo Sr. Secretario dáse lectura á seguinte resolución da **Alcaldía**:

""""**NOMEAMENTO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO O.A. "TERRA DE SANXENXO"**

O artigo 7.2 parágrafo 1º dos estatutos aprobados en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2004 e publicados no BOP de 4 de maio de 2004, dispón que:

""O Consello de Administración estará integrado por un Presidente, que será o Sr. Alcalde e os concelleiros delegados de facenda, turismo, educación, cultura, deporte, medio ambiente e servizos sociais, todos eles designados pola Alcaldía.""

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **resolve:**

PRIMEIRO: designar como membros do **Consello de Administración do O. A. "Terra de Sanxenxo"** ós seguintes concelleiros:

- **D^a M^a Paz Lago Martínez**, concelleira de cultura e educación.
- **D^a Almudena Aguín Fernández**, concelleira de turismo.
- **D. Marcos Guisasola Padín**, concelleiro de facenda, economía e emprego.
- **D^a M^a Isabel González Domínguez**, concelleira de servizos sociais, xuventude e deportes.
- **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, concelleiro de servizos xerais e medio ambiente.

Deste xeito, o consello de administración queda constituído polos membros anteriormente citados baixo a presidencia desta alcaldía, non facéndose uso por parte desta alcaldía da posibilidade de nomeamento de máis membros prevista no art. 7.2. parágrafo 2º dos devanditos estatutos.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice e notifíquese ós interesados/as. "*****"

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. Polo **Sr. Secretario** dáse lectura á seguinte proposta da **Alcaldía:**

"*****"De acordo co disposto no artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia en relación á periodicidade das sesións do Concello Pleno en relación co artigo 38.a) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: as **sesións ordinarias** do **Concello Pleno** realizaranse o **último luns** dos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro** ás **vinte horas e trinta minutos**. "*****"

Ao non producirse intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a **votación, na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos**.-----

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. Polo **Sr. Secretario** dáse lectura á proposta da **Alcaldía.**

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, incidiu en que se reproducía o mesmo sistema que había nos últimos anos con tres Comisións Informativas, unha, a de Contas, obrigatoria, outra, a de Urbanismo, case e a de Asuntos Xerais que engloba os asuntos que non van as anteriores, cando a intervención da **Sra. Alcaldesa** na sesión constitutiva da Corporación, anunciando unha nova etapa nun concello sen maioría absoluta e con máis participación da oposición, podía facer pensar que actuaría doutra maneira, como, por exemplo, propoñendo a creación de máis Comisións que as obrigatorias.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Mixto**, lembrou que a reunión da Xunta de Voceiros celebrada a semana anterior e onde se puxo de manifesto o contido desta

sesión, debeu ser o lugar de discusión deste tipo de cuestións e alí non se dixo nada, engadindo que, non por multiplicar o número de Comisións, son estas máis efectivas e si máis caro para o concello.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou se o **Sr. Rodríguez Lorenzo** falaba en nome do goberno municipal ou do **Grupo Mixto** e a **Sra. Presidenta** indicou que polo **Grupo Mixto**, como o resto dos voceiros intervinientes o fan en nome dos grupos aos que representan.

O **Sr. Otero Domínguez** precisou que a reunión a que aludiu o **Sr. Rodríguez Lorenzo** foi de carácter informal e non Xunta de Voceiros porque neste concello non existe esta como tal. O interviniente destacou que o pretendido era que se facilitara a información a oposición dentro do anunciado pola propia **Alcaldesa**.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que a reunión celebrada foi de voceiros e non Xunta oficial, sen que ningún concelleiro aportara ningún cambio as propostas da **Alcaldía**. Preciso que a lei di que os asuntos que vaian a Pleno pasarán previamente por Comisión Informativa e así se fará. No que respecta a participación dixo que se ían constituír Consellos Consultivos dos que a oposición, formaría parte e, igual, realizarase coa Xunta de Voceiros, ademais, en calquera momento, poden dirixirse a **Alcaldía** para presentar as proposicións que consideren oportunas. Finalmente dixo que con tres Comisións Informativas é innecesario constituír máis.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que representaba ao **Grupo Mixto** e que estaba nunha coalición lexítima de partidos dentro do goberno municipal e con autonomía dentro dela. Tamén expresou que o importante era que os asuntos foran a Comisión, non o número destas que existiran.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **11 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **2 (Grupo Municipal do BNG).**

Votos pola Abstención: **3 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

- Crear as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a continuación, facendo constar que, de conformidade co artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal, estarán integradas por un compoñente de cada grupo político municipal ademais da presidencia que recairá na alcaldía, que a súa vez poderá delegala en calquera dos membros da comisión:

Comisión informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio.

Comisión informativa de Urbanismo.

Comisión informativa de Asuntos Xerais.

A adscrición concreta a cada comisión en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do/a voceiro/a correspondente dirixido á alcaldía do que se dará conta ao Pleno na seguinte sesión.-----

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. Polo Sr. Secretario dáse lectura á seguinte proposta da **Alcaldía**:

“””””O artigo 8 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo prevén a posibilidade de que os membros do consello, poidan ser un número inferior a 13, suposto no cal poderá utilizarse o sistema de voto ponderado en función da representatividade se así o acorda o Concello Pleno.

Tendo en conta que o referido sistema é o máis repetuoso coa representatividade dos grupos municipais e por razóns de operatividade, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Que a composición do Consello da Xerencia será a que a continuación se establece:

* Presidencia: a persoa que ostenta a alcaldía.

* Un concelleiro/a representando a cada grupo municipal.

Cada representante disporá no consello do número de votos que corresponda ao seu número de membros na corporación municipal, sendo os seus compoñentes os seguintes:

Grupo Municipal do Partido Popular: Dª María Deza Martínez.

Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal: D. Gonzalo Gonzalo Pita.

Grupo Municipal Socialista do Concello de Sanxenxo: Dª Mª Dulcinea Aguín Pombo.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. David Otero Domínguez.

Grupo Municipal Mixto: D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

Como suplentes de cada un dos representantes dos grupos políticos municipais poderán asistir ás reunións do consello outros membros do grupo municipal correspondente en caso de ausencia do titular, tendo os mesmos dereitos e obrigas que aquel.”””””

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, dixo que volvía o voto ponderado, precisando que o eliminado polo goberno municipal era o cobro ponderado por asistencia a Comisións, non o voto ponderado.

A Sra. **Alcaldesa** indicou que, no seu día, o goberno explicou claramente que seguía o voto ponderado por consideralo o sistema máis axeitado á proporcionalidade da Corporación e o que sempre defendeu o Sr. **Rodríguez Lorenzo** foi eliminar o cobro ponderado, explicando que o goberno da Corporación anterior, previo o asesoramento oportuno, estableceu ese sistema de abono de dietas por asistencias a Comisións que agora non se vai manter.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Mixto**, sinalou que entendía como ilegal o cobro ponderado e outra cousa distinta e que, por operatividade, exista nas comisións o voto ponderado.

O Sr. **Otero Domínguez** alégrase de que por fin quede claro o que se elimina.

Ao non producirse intervencións, a Sra. **Presidenta** someteu a proposta a **votación, na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

10º) DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.O Sr. **Secretario** explicou que, aparte da **Alcaldesa**, os representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta da Mancomunidade do Salnés eran dous que, de conformidade co disposto no art. 4 dos estatutos de este ente supramunicipal, deberían elixirse polo Pleno en votación única, votando cada concelleiro/a a un só candidato, poidendo presentarse como tal todos os membros da Corporación Municipal.

De seguido anunciaron a súa candidatura **D. Salvador Durán Bermúdez, D. Gonzalo Gonzalo Pita, D. José Buezas Méndez e D. David Otero Domínguez.**

A continuación procedeuse a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

-D. Salvador Durán Bermúdez: 9 votos (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

-D. Gonzalo Gonzalo Pita: 3 votos(Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

-D. José Buezas Méndez: 2 votos(Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

-D. David Otero Domínguez: 2 votos(Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, aparte da Alcaldesa, **Dª Catalina González Bea**, representarán ao Concello de Sanxenxo na Xunta da Mancomunidade do Salnés, **D. Salvador Durán Bermúdez e D. Gonzalo Gonzalo Pita.**-----

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA MANCOMUNIDADE DE SERVIZOS DE VERTEDOIRO DE RSU NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.Polo Sr. **Secretario** dáse lectura á seguinte proposta da **Alcaldía**:

“”””De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986, así como nos Estatutos da Mancomunidade para o servizo de Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos dos Concellos de Pontevedra e Sanxenxo, na que este concello está representado por tres concelleiros/as (aparte da Sra. alcaldesa que é membro nato); propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**** Nomear aos concelleiros D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, D. Constantino Sanmartín Quiñones e D. Marcos Guisasola Padín** para que formen parte do Consello Reitor de dita mancomunidade en representación deste concello.””””

Ao non producirse intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a **votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o acordo antes transcrito.-----

12º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DOS CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO CONCELLO. Polo Sr. Secretario dáse lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“”””De conformidade co que establece o art. 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, propoño o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

* Nomear representante da corporación nos consellos escolares dos colexios públicos do municipio á Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ e como suplente a concelleira Dª Almudena Aguín Fernández.””””

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, propuxo que, ao igual que sucede noutros concellos, puidera estar dentro dos Consellos un membro do goberno e outro da oposición .

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, apoiou o manifestado polo Sr. Gonzalo Pita e o Sr. Secretario precisou que só podía ir un representante do concello a cada Consello, se ben podían incluírse suplentes na proposta, engadindo que o sistema seguido nalgúns outros concellos era o de repartir entre os membros da corporación os diversos consellos escolares.

A Sra. Alcaldesa, logo de sinalar que se poñería en marcha o Consello Escolar Municipal no que estarían representados todos os grupos políticos, manifestou que non tiña inconveniente en modificar a proposta, incluíndo a membros doutros grupos políticos municipais, preguntando a que concelleiros/as lles interesaba figurar na proposta como suplentes, contestando en sentido positivo os Sres. Gonzalo Pita, Buezas Méndez a e Sra. Fernández Agraso.

A Sra. Alcaldesa indicou que modificaba a proposta no senso de incluír como suplentes, ademais da Sra. Aguín Fernández, aos concelleiros citados pola orde correspondente de representación no concello dos seus respectivos grupos políticos.

Finalizado o debate, a Sra. Alcaldesa someteu a votación a súa proposta modificada no senso exposto no anterior parágrafo, adoptándose por unanimidade, o seguinte acordo:

* Nomear representante da Corporación nos Consellos Escolares dos colexios públicos do municipio á Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ e como suplentes aos concelleiros/as Dª Almudena Aguín Fernández, D. Gonzalo Gonzalo Pita, D. José Buezas Méndez e Dª Sandra Fernández Agraso por este orde.””””-----

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS A CARGOS DO CONCELLO, ASÍ COMO DE FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS E DE ASIGNACIÓN DE SUBVENCIÓNS AO GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. Polo Sr. Secretario dáse lectura a proposta da Alcaldía.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestouse en contra da proposta, non por entender que os cargos non merezan as dedicacións plantexadas, se non polo feito de que nesta época de crise debería darse un exemplo de austeridade e agora era a ocasión, como se fixo noutros concellos, engandindo ademais que sen coñecer as contas municipais e a realidade económica do concello, para o que seu partido propuxo a realización dunha auditoría, non procedía aprobar esta proposta.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, lembrou que, na sesión de investidura, a **Sra. Alcaldesa**, cun goberno en minoría, dixo que a situación económica era delicada e agora, que xa non o está, mentres que os veciños de Sanxenxo se apertan o cinto, no concello non sucede así, engadindo que, logo das críticas que nesta sala se verteron aos bipartitos, resulta que se constiuu un para o goberno municipal. Continuou dicindo que a **Sra. Alcaldesa** non fai caso aos seus xefes en Madrid e Galicia que pregonan austeridade, xa que neste concello todos terán soldo. Explicou que en Vilagarcía existirán tres dedicacións exclusivas que lle custarán ao concello 127.000 € aproximadamente, que no Grove existen dedicacións de 600 € brutos mensuais e, en Sanxenxo, o custo total, con Seguridade Social, ascenderá a 350.000 € o que lle parece un insulto para os veciños de Sanxenxo. Ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** díxolle que, logo de predicar unha cousa durante catro anos, agora fai outra, sen lembrarse da situación económica e de que, noutro tempo, como decía el, había concelleiros que gobernaban e non cobraban. Finalmente indicou que estos salarios non os consideraba dignos nin éticos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, lembrou que, no seu día, xa tivo a **Alcaldesa** que rebaixar dúas veces os soldos das dedicacións, primeiro por influencia do seu partido e logo pola rebaixa aos funcionarios e, agora, mantense co mesmo modelo anterior cando o Concello de Sanxenxo está baixo os efectos dun plan económico-financeiro e cando terían que facer unha adaptación á realidade económica do concello e á crise actual. O interviniente referiuse en sentido crítico as dedicacións parciais, posto que permiten compatibilizar dous soldos neste tempo de precariedade.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP**, destacou que a dificultade deste concello non se corresponde coa doutros e, polo tanto, non se pode comparar como se fixo aquí. Explicou que os concelleiros do goberno municipal necesitan unha plena dedicación que debe ser obxecto dunha contraprestación económica. Por último precisou que, aínda que este goberno era bipartito, aquí non existían bicefalías como noutros concellos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Mixto**, explicou que a **Alcaldía** rebaixou o seu salario de 73.800 € a 64.000 €, primeiro e logo a 54.000 €, para ser posteriormente ratificada polas urnas. En canto ao salario de 600 € o calificou de “limosna”, aínda que na situación actual moitos tiñan que aceptalo para poder manterse. Respecto do plan económico-financeiro dixo que se estaba a respetar e finalizou a súa intervención para sinalar que el, no ano 2003, xa gañaba mais que agora e que recoñecía que no momento actual o seu salario era bo e que ía a defendelo.

A **Sra. Aguín Pombo** resaltou que efectivamente non se podía comparar Vilagarcía con Sanxenxo posto que naquel concello existía un Porto, Fexdega e ata 33 organismos, aparte de ter o dobre de habitantes. Continuou dicindo que a opinión vertida sobre o salario de 600 € era unha falta de respecto aos parados e traballadores que cobran esas cantidades e que non estaba en contra das dedicacións exclusivas e parciais nin da política retribuída pero cunhas asignacións

dacordo cos tempos de crise que vivimos.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que tiña sentido referirse ao plan económico-financeiro posto que isto significa que este concello non ten as contas equilibradas, o que tiña importancia nun asunto como este. O interviniente apreciou contradicións notables como as do **Sr. Rodríguez Lorenzo**, que terá que explicar a súa postura ao seu electorado e ao seu partido. Por último, en referencia a non existencia de bicefalia, sinalou que só había que darlle tempo ao tempo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** explicou que non estaba dacordo cos salarios de 600 €, repetindo que o lamentable era que, coa crise, a moitos non lles quedara outro remedio que aceptalos e que as decisións en **VIPS** non as toma el, se non a executiva do partido e houbo consenso, sendo o interviniente o que, tal vez, tiña menos ganas de pactar, engadindo que apoia este punto porque xa houbo dúas rebaixas de soldo e unha posterior ratificación polos veciños nas urnas, eleccións nas que **VIPS** subiu case un 20% e, en cambio, outros baixaron apreciablemente.

O **Sr. Gonzalo Pita** precisou que nas últimas eleccións houbo mais votos en contra da xestión do goberno municipal anterior que a favor e que o **Sr. Rodríguez Lorenzo** cambiou respecto da postura mantida anteriormente, engadindo que o citado edil, respecto da comparación da contía do seu salario, tal vez debería referirse ao percibido polo interesado no último ano e dixo, sobre as retribucións, que na situación actual había que procurar dar exemplo dende o concello.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, logo de manifestar que todos sabían que cando non se gañaba pola maioría absoluta sempre eran mais os votos da oposición, explicou a súa situación laboral.

A **Sra. Alcaldesa** empezou dicindo que en asuntos como este era moi fácil falar desde a oposición, pero que consideraba adecuados unhos soldos netos de 2800 €, 2100 € e 1800 € para unha dispoñibilidade de 24 horas nun concello como este, tendo en conta, ademais, que todos os gastos irán a cargo do soldo, que ao contrario que noutros concellos, non se ía a cobrar por outros conceptos e que se renunciaba a subvención por grupo político, cantidade esta a que a oposición, se tanto lle importaban as contas, podía renunciar. Por último precisou que a última rebaixa do salario da **Alcaldía** alcanzou o 15% e que o plan económico-financeiro non tiña nada que ver con este asunto.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 7 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).**

Votos pola **Abstención: 0.**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: fixar a seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais para os cargos da

Corporación que tamén se mencionan:

CARGO/CONCELLERÍA	TIPO DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAL
Alcaldía	Dedicación exclusiva	54.000 € (a percibiren 14 pagas).
Concellería de Urbanismo	Dedicación exclusiva	39.000 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de Servizos Xerais e Medio Ambiente	Dedicación exclusiva	39.000 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de Turismo	Dedicación exclusiva	39.000 € (a percibir en 14 pagas).
Concellería de Persoal e Seguridade Cidadá	Dedicación parcial	27.000 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de Infraestruturas e Obras	Dedicación parcial	27.000 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de Servizos Sociais, Xuventude e Deportes	Dedicación parcial	27.000 € (a percibir en 12 pagas).
Concellería de facenda, Economía e Emprego	Dedicación parcial	27.000 € (a percibir en 12 pagas).

As dedicacións parciais suporán un réxime de dedicación mínima de 20 horas semanais e non incluírán cotización á Seguridade Social no caso de que as persoas que as ostenten teñan xa cobertura de previsión social.

SEGUNDO: fixar a contía da indemnización por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, comisións informativas e Consello da Xerencia en 90,15 € por asistencia de cada concelleiro/a que non teña asignada unha dedicación exclusiva ou parcial.

TERCEIRO: aprobar unha subvención aos grupos políticos do concello nas seguintes contías:

- Fixa por cada grupo político: 5.409,11 e/ano.
- Variable para cada grupo político a razón de 90,15 € por concelleiro/a por mes.

Estas cantidades para o presente ano e o 2015 se prorratarán en función dos meses de mandato da actual corporación municipal.

CUARTO: as retribucións correspondentes ao punto primeiro deste acordo anualmente se incrementarán ou diminuirán en función do disposto nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

QUINTO: publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos da casa consistorial.”””””-----

14º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL. Polo Sr. Secretario dáse lectura a proposta da **Alcaldía:**

“””””Analizadas as necesidades do persoal eventual do concello, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

** Fixar os seguintes postos de traballo de persoal eventual coas retribucións anuais que tamén se

PROPIETARIOS. Polo **Sr. Secretario** dáse lectura á seguinte proposición da **Alcaldía**:

“”””Á vista de:

- Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2010, prestando aprobación inicial ó Proxecto de Expropiación da finca de referencia.
- Acordo de Consello da Xunta de Galicia, adoptado en sesión celebrada o 5 de maio de 2011, declarando a prevalencia da utilidade pública do Proxecto de Expropiación tramitado pola Xerencia Municipal de Urbanismo sobre o monte veciñal en man común da parroquia de Noalla – Sanxenxo.
- Certificación de exposición pública asinada polo Sr. Secretario da Xerencia en data 25 de maio de 2011, co visto e praxe desta Alcaldesa.
- Informes favorables do Arquitecto Municipal asinados en datas 18 de marzo e 26 de maio de 2011.
- Informe xurídico favorable do Técnico en Administración adscrito á Xerencia de 31 de maio de 2011.
- Fiscalización favorable do Sr. Interventor Xeral de data 1 de xuño de 2011.
- Certificación da sesión celebrada o 3 de xuño de 2011, relativa á posta en coñecemento dos membros do Consello do expediente de referencia.

Eleva ó PLENO DO CONCELLO a seguinte PROPOSICIÓN de ACORDO:

- a) Aprobar definitivamente o expediente expropiatorio da finca nº 60 do Plan Parcial do Solo Urbanizable nº 22 do PXOM de Sanxenxo, sendo beneficiaria do mesmo a Xunta de Compensación do Polígono Único do Plan Parcial do SU – 22 do PXOM de Sanxenxo.
- b) Declara – la urxente ocupación da finca obxecto de expropiación.
- c) Conferir á Comunidade de Montes en Mancomún da parroquia de Noalla un prazo de 20 días, durante o cal poderá manifestar por escrito a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.””””

O **Sr. Secretario** informou que, dado que se trataba dunha proposición tramitada ao abeiro do disposto no art. 82.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procedía ratificar a inclusión deste asunto na orde do día, o que fixo o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos concelleiros/as, na votación que se produxo a continuación.

Ao non producirse intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a **votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 14** (**Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra: 0**.

Votos pola **Abstención: 2** (**Grupo Municipal do BNG**).

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o acordo transcrito anteriormente.-----

16º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO PLAN PARCIAL DO SU-18, PASANDO DO SISTEMA DE COMPENSACIÓN AO DE CONCERTO. Polo Sr. Secretario dáse lectura á seguinte proposición da **Alcaldía**:

“”””Á vista do Informe asinado polo Licenciado en Dereito – Xerente Municipal de Urbanismo de data 10 de xuño de 2011, **eleva ó PLENO DO CONCELLO a seguinte Proposición de ACORDO:**

ÚNICO.- Aproba – lo cambio de sistema de actuación do Polígono Único do Plan Parcial do Solo Urbanizable nº 18 do PXOM de Sanxenxo, de Compensación para o Sistema de Concerto.””””

O Sr. Secretario informou que, dado que se trataba dunha proposición tramitada ao abeiro do disposto no art. 82.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procedía ratificar a inclusión deste asunto na orde do día, o que fixo o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos concelleiros/as, na votación que se produxo a continuación.

Ao non producirse intervencións, a Sra. Presidenta someteu a proposición a **votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 12** (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: 0.**

Votos pola **Abstención: 4** (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o acordo transcrito anteriormente.-----

E, non habendo máis asuntos dos que tratar, a **Presidencia** da por rematada a sesión, sendo as once horas e trinta minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**